IGUALDADE COLECTIVO LGTBI

As empresas de **mais de 50 traballadores** terán a obriga de estabrecer un conxunto de medidas e recursos que permitan alcanzar a **igualdade efectivo do colectivo LGTBI**, incluindo un protocolo de actuación para o acoso ou violencia. Estas medidas deberán estar implementadas antes do **02 de marzo de 2024** e o contido e alcance desenrrolarase reglamentariamente.

Con esta nova Ley, nos **planes de igualdade** será necesario incluir expresamente ás personas trans- con especial atención ás mulleres trans, engadindo á discriminación por razón de sexo á discriminación múltiple e interseccional, e ademais **modificase a Lei de Infraccións e Sancións na Orde Social**, de xeito que pasan a sancionarse de forma expresa conductas discriminatorias e de acoso por razón de orientación sexual, identidade sexual, expresión de xénero e características sexuais, así como a solicitude de información ó respecto nos procesos de selección.

REXISTRO RETRIBUTIVO ANUAL

Dende o 14 de abril do 2021 tódalas empresas, con independenza do número de perosas traballdoras, están **obrigadas a levar anualmente un rexistro salarial desagregado por xénero e categoría profesional**, todo elo a efectos de dar cumprimento co establecido no Real Decreto 902/2020 para faguer efectivo o dereito á igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres en materia retributiva, sin embargo segundo as actuacións que está faguendo tanto Inspección de Traballo como Seguridade social ó respecto dende a sua implantación, estamos observando que non ten unha gran incidencia na documentación

solicitada ante unha inspección de traballo nin en campañas xerais iniciadas por parte da Administración, como si pode ser o rexistro de xornada dos traballadores, a prevención de riscos laboráis, a correspondente alta dos traballadores…, polo que **elaboraremos dito rexistro no caso de ser necesario** ante un requerimento da administración, **ou ben a petición da empresa**, que neste último caso deberán poñerse en conctato co seu responsable laboral para solicitar a sua tramitación.

SUBIDA SALARIO MINIMO INTERPOFRESIONAL 2024

Con data de hoxe publicouse a subida do **Salario Mínimo Interprofesional para 2024**, situándose en **1.134 euros brutos mensuais** en 14 pagas, o que supón un salario de 15.876 euros brutos anuais.

Esta subida ten **efectos retroactivos con data do 01 de xaneiro**, polo que aqueles salarios que están por debaixo deste xa foron actualizados nas nóminas de xaneiro. Esta medida terá como consecuencia a correspondente subida das bases de cotización mínimas na mesma proporción, quedando polo tanto en **1.323,00 euros mensuais**.

SUBVENCIONS A PRIMEIRA,

SEGUNDA E TERCEIRA CONTRATACION DE TRABALLADORES EN INDEFINIDO PARA AUTONOMOS 2024

Publicáronse as **subvencións do ano 2024** pola 1ª, 2ª e 3ª contratación indefinida inicial de traballadores exclusivamente para autónomos, que se realicen dende o **30 de setembro de 2023 ata o 29 de setembro de 2024**. As contratacións poderán ser a xornada completa ou parcial. Os requisitos a cumprir son **manter a persoa contratada durante 36 meses**, podendo ser sustituida no caso de ser baixa por outra das mesmas características. O responsable laboral da sua empresa porase en contacto con vostedes para informarlle si algún traballador contratado actualmente cumpre os requisitos a día de hoxe para poder acollerse a subvención, e para que tomen a decisión. Asimesmo aqueles que queiran contratar xa inicialmente a novos traballadores, se están interesados deben de contactar con nós para faguernolo saber. As subvencións poden ir **dende 7.500 a 14.400 euros** para **primeira contratación** ou **9.000 a 17.600 euros** para a **segunda ou terceira** segundo as características e circunstancias, e tamén lle informaremos do custe da solicitude e tramitación da mesma.

Informámolos que estas subvencións concedense ata que se agota o orzamento asignado, e nos iremos tramitando na medida que temos a sua confirmación e que recabemos toda a documentación, non podendo garantir si vai chegar o orzamento.

BONO AUTONOMO

Autónomos de Alta como persoa física e societaria cunha antiguedade de **máis de 42 meses** que no 2022 declararan un Rendimento neto ou Base do imposto de sociedades reducido, menor de **50.000€** e unha facturaran de máis de **12.000€**, iva incluido e que non se benenficiara diste bono entgre 2019-2023.

Os gastos subvencionables deben destinarse a aplicacións informáticas, páxinas web, apps e redes sociais. Así como compra de máquinas e bens de equipos para elaborar os productos. Estos gastos serán dende 1 de xaneiro e deberán acreeditarse con factura e xustificante de pagos, e o prazo de solicitude dende 29 de xaneiro, e a cuantía da axuda pode alcanzar o **60% dos gastos cun máximo de 7.000 euros.**
Para solicitar estas axudas tedes que facer o gasto, ter a factura e pagala polo banco, e si nos enviades todo esto nos tramitámola de xeito inmediato.
O custe de solicitala é de 100 euros e logo si se concede un segundo en función do resultado. Si están interesados póñanse en contacto con Nós.!!!

SUBVENCIONS A CONTRATACION INDEFINIDA DE TRABALLADORES 2024

Publicaronse no DOG as **subvencións do ano 2024** pola contratación indefinidia inicial ou polos incrementos de xornada de contratacións indefinidas iniciais, que se realicen **dende o 01 de outubro de 2023 ata o 29 de setembro de 2024**. Os

colectivos incentivados son persoas desempregadas que sexan mozos menores de 30 anos, parados de longa duración, mulleres, persoas de 52 anos ou mais, emigrantes retornados ou persoas extranxeiras e discapacitados ou en risco de exclusión social. As contratacións deberán ser a **xornada completa** podendo ser a xornada parcial no caso de discapacitados ou en risco de exclusión social. Os requisitos a cumprir son **manter a persoa contratada durante 36 meses**, podendo ser sustituidos no caso de ser baixa por outros das mesmas características. A responsable laboral da sua empresa porase en contacto con vostedes para informarlle si algún traballador contratado actualmente cumpre os requisitos a día de hoxe para poder acollerse a subvención, e para que tomen a decisión. Asimesmo aqueles que queiran contratar xa inicialmente a traballadores destes colectivos, se están interesados deben de contactar con nós para faguernolo saber. As subvencións poden ir dende 2.000 euros a 14.000 euros segundo as características e circunstancias, e tamén lle informaremos do custe da solicitude e tramitación da mesma.
Informámolos que estas subvencións concedense ata que se agota o orzamento asignado, e nos iremos tramitando na medida que temos a sua confirmación e que recabemos toda a documentación, non podendo garantir si vai chegar o orzamento.

CAMAPAÑA INSPECCION PREVENCION DE RISCOS LABORAIS

A Inspección de Traballo está realizando unha campaña en materia de **prevención de riscos laboráis** a tódalas empresas dende comenzos de xaneiro en toda a provincia de Ourense, polo que lembramoslle unha vez mais a importancia de ter contratada a prevención de riscos laborais de tódolo seus centros de

traballo, con independenza do tamaño da empresa (incluídos autónomos que contan polo menos cun traballador), da actividade que desenrrole ou do risco que xenere, a cal deberá ser realizada por empresas privadas adicadas a esta xestión, xa que é responsabilidade do empresario velar pola seguridade dos seus traballadores.
O incumprimento da obriga pode considerarse unha **falta moi grave** que acarrea importantes sancións, e incluso responsabilidades de índole penal no caso dun accidente de traballo que derive na morte do traballador, polo que deberán revisar si teñen cuberta dita obriga cun servizo de prevención e que está totalmente actualizada segundo o número de traballadores que contan actualmente, e no caso de non contar con ela deberán tramitar a obriga con urxencia.

OBRIGAS EN MATERIA LABORAL PARA 2024

Dentro do primeiro paquete de medidas impulsado polo goberno para 2024 encontramos novedades en materia laboral como:

-Obriga de cotizar polos **becarios** en prácticas a partires do 01 de xaneiro de 2024 tanto si se trata de prácticas remuneradas ou non.
-As empresas poderán bonificar os contratos de **interinidade** celebrados para sustituir as persoas traballadoras en situación de risco durante o embarazo así como os descansos por maternidade ainda que se trate da mesma persoa sustituta.
-Aumento do **MEI** (Mecanismo de Equidad Intergeneracional para garantir as pensións) dun 0,6% a un 0,7% tanto para empresas (0,58% empresa e 0,12% traballador) como para autónomos.
-Os traballadores poderán disfrutar do permiso de **lactancia**

acumulado con independencia do que estabrezca o convenio colectivo de aplicación da empresa.
-Prórroga temporal da vixencia do **SMI** do 2023 estabrecido actualmente en 1.080 euros/mes.
-Obriga de dispor dun plan **LGTBI** para aquelas empresas con + de 50 traballadores antes do 02 de marzo de 2024, para alcanzar a igualdade real e efectiva deste colectivo.
-A partires de xaneiro de 2024 todalas empresas de **+ de 50 traballadores** deberán contar cun canal de denuncias interno para cumprir coas obrigas de ética e transparencia laboral que esixe a normativa.